

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES DE OCIO SAUDABLE PARA A MOCIDADE 2021 ORGANIZADA POLO CONCELLO DA CORUÑA

D/D^a
con DNI/NIE

como proxenitor/a ou titor/a legal da persoa participante (menor de idade):

D/D^a
con DNI/NIE

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

DECLARO

Que a persoa participante coñece os síntomas compatibles coa COVID-19 e non acudirá á acividade no caso de ter síntomas.

Que a persoa participante non ten síntomas compatibles coa COVID-19 nin está en período de illamento.

Que a persoa participante non se atopa en período de corentena domiciliaria por ser contacto estreito dalgunha persoa diagnosticada da COVID-19.

Que a persoa participante non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.

No caso de que a persoa participante presente condicións de saúde que a fan máis vulnerable para a COVID-19, a súa condición clínica está controlada e permítelle tomar parte da actividade, mantendo as medidas de protección de forma máis rigorosa. Así mesmo, son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

PERSOA VULNERABLE: persoa con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

- A persoa participante acepta e comprométese a manter as medidas de hixiene, prevención e promoción da saúde nas que se vai desenvolver a actividade, de acordo co protocolo de actuación para a realización da Campaña de verán no marco da crise sanitaria derivada da COVID-19.

- Autorizo a que se lle realice á persoa participante unha proba diagnóstica de infección activa (PDIA), no caso de que sexa necesaria segundo o indicado polas autoridades sanitarias durante o transcurso da actividade.

- No caso de que o/a menor presente síntomas ou deba gardar corentena por contacto estreito durante a actividade, asumo o compromiso de recollida inmediata do/a menor da instalación na que se desenvolve a actividade.

- Comprométome a realizar o dito traslado en transporte privado tomando as medidas de precaución e distanciamento estipuladas, realizando o traxecto máis curto posible e evitando calquera parada en ruta que non sexa estritamente necesaria.

- No caso de que o traslado non sexa posible de maneira segura, asumo o compromiso de desprazamento para acompañar o/a participante durante a corentena ou illamento fóra da instalación xuvenil.

DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19

- Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

- Declaro que recibín e lin o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio da entidade responsable da actividade.

En, a..... de....de.....

Asinado
